



AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2022/2023

ORDE do 29 de abril de 2022 publicado no DOG N° 95, do mércores 18 de maio de 2022 (pax. 28.983 ata 29.025).

DESTINATARIOS:

- Alumnado que no curso 2022/2023 este matriculado en Educación Primaria.

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor/a legal dun alumno/a matriculado nun centro sostido con fondos públicos.
- Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros. O cálculo da renda per cápita realizarase da seguinte forma:
 - Datos do exercicio fiscal 2.020
 - Sumaranse os recadros 435 e o 460 de cada un dos membros da familia que teñan ingresos.
 - Dividirase o resultado da suma anterior polo número de membros da unidade familiar a 31/12/2020.
 - No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.

SOLICITUDES:

- Presentaranse segundo o Anexo I e o Anexo II desta orde **preferentemente vía telemática a través da aplicación Fondolibros** aínda que tamén se pode presentar nos centros educativos en que estea matriculado o/a alumno/a
- A solicitude será única para todos os fillos e para todas as axudas, **unha única solicitude por familia**
- As solicitudes serán asinadas polo pai/nai/titor legal así como por todos os membros da unidade familiar, en caso de menores deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal.
- **Prazo de presentación de solicitudes do 19 de maio ao 22 de xuño de 2022. ambos inclusive.**
- **Unha vez feita a solicitude teñen que vir os pais recoller os vales o día 6 ou 7 de xullo.**
- **O centro nunca expedirá un novo vale no caso de que este sexa extraviado polo solicitante ou pola librería.**

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31/12/2020, deberán presentar un dos seguintes documentos:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
 - Certificado de convivencia (empadramento)
 - Informe dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar o certificado acreditativo do grao da discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación
- No caso de situación de violencia de xénero documentación acreditativa.

CONTÍA DAS AXUDAS E ADQUISICIÓN DO MATERIAL:

A contía da axuda é de 50 € por alumno que reúna os requisitos previstos na orde e con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €. Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

- Destinar o importe do vale da axuda a adquirir o material escolar que necesite
- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.